

(M. Doueza)

A Coruña
14.IX.74

Luis Seoane
Buenos Aires

Meu amigo:

Veño de ler no "Grial" as túas aportacións á pintura mural. Sópome a pouco. Somentes tiña unha idea vaga da obra que, como muralista, tes ciscada polo mundo. E, coma sempre, das noticias dun delicado requinte. Como, poño por caso, o ofrecemento feito por Souto ao Concello coruñés, ou o ágape eucarístico no mosteiro de Poyo, ou a enxoiata estética dos conserveiros vigueses, ou a sensibilidade artística do villéu e dos dous emigrantes xa xubilados na súa terra. Unha delicia. E tamén as túas ideas encol da antropoloxía da creación artística. Como, por exemplo, a do boceto como feto bolidante i en formación evolutiva na matriz do artista. Agora é de agardar que calquer dia nos agasalles tamén coas túas aportacións á diagramación dos libros, e co teu concepto encol do libro como significante. Agardemos, logo. Porque á vista da túa obra global é doado adiviñar nela a fusión do artista co home formando unha indisoluble unidade. Unidade que é, ao meu ver, a túa gran verdade artística e humán. A túa autenticidade máis radical.

Verbo do Museo Maside estóu en espera de que o Isaac me facilite as liñas xeneráis encol desa asociación de amigos na que ten matinado pra lle dar, pola miña banda, forma ao Reglamente. Dende logo, ficamos á espreita da túa decisión última encol de si un representante deles ha pasar, ou non, a formar parte do Consello. Xa séi que non eres partidario. O cal paréceme moi asisado e posto en razón. Aínda faltan por aceptar os seus cargos don Ramón Otero Pedrayo, ausente en Santander, e o Valentin, non hai moito chegado de Caracas. Tan axiña se complete iste trámite, iniciarei o da inscrición da Fundación no Rexistro correspondente. Sería pra min dunha grande ledicia ter todo arranxado pra cando vós viñérades. Agasallariavos cun fermoso regalo de Reises.

Alá vai o noso vrán. Pero o outono promete ser máis quente. A inqueda é grande. Unha sensación de interinidade fai presa nas xentes. Intúise un valdeiro que é preciso encher. ¿Mais cómo? That is the question. Poderíache facer un análise da situación, pero paréceme unha perda de tempo. Porque cando ista carta chegue ao teu poder ficaría xa invalidado. Así son de cambiantes as forzas en presenza. Da noite prá mañá esfarélase calquer previsión.

Verás que desta vez non falo do pleito do noso amigo. Vóu farto. Nembargantes, diréiche que o Pepito milloróu, e que o noso amigo interesóuse arreo pola súa saúde, aínda que sin resultado positivo algún. Pola contra, bótanlle a culpa de todo. É pra se botar a correr e non parar.

Á espreita da esmola dunhas letriñas vosas, recibide Maruxa e tí garimosas apertas de nólos tres.

Do Doueza